

A ESCRITORA MERCEDES QUEIXAS RETRATA A VIDA DE MARÍA DO CARME KRUCKENBERG NA BIOGRAFÍA 'VIVIR, UNHA AVENTURA IRREPETÍBEL'

Descubrir a 'filla' de Rafael Alberti

A poeta viguesa coñeceu a Castelao e os grandes nomes da Xeración do 27 en Bos Aires nunha época que a definiu como autora

ALBERTO RAMOS

GALICIA

cultura@xornaldeg Galicia.com

"Non teño nada do que me arrepentir. Tiven unha vida rica, viaxei moitísimo, estiven en corenta países ao longo da miña vida. Do que máis orgulloso estou é de todos os grandes personaxes que coñecín e dos que aprendín moitísimo". Así resume a súa vida a poeta María do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926), que onte presentou na súa cidade natal a súa biografía *Vivir unha aventura irrepitíbel* (Galaxia), elaborada pola escritora Mercedes Queixas.

Nesa aventura vital, María do Carme Kruckenberg coñeceu un feixe de personaxes que compuxeron unha gran rosa dos ventos literaria para moverse pola cartografía da súa poética. "Despois da Guerra Civil, eu casei cun italiano e fun vivir a Arxentina. Alí coñecín a moitísima xente da República. Eu viña dun país sumido na dereita e no que pensaba que xa non había malos. Pero en Bos Aires vin que os *bos* marcharan e os *malos* quedarán", explica a propia María do Carme Kruckenberg.

Entre eses "malos" que logo resultaron ser bos atopábanse Castelao, Borges e membros da Xeración do 27 como Vicente Aleixandre ou Dámaso Alonso. "O que máis me impactou foi Castelao. Coñecino ao pouco de chegar a Bos Aires e logo vino meses despois moi enfermo, cando estaba para morrer", reconece María do Carme, sen esquecer a outros. "Con Borges tiñamos todas as semanas un encontro nunha cafetaría. Reuníase con nós, cos poetas novos", lembra.

Todos eles aparecen como personaxes secundarios, compoñendo un gran retablo literario, no libro que Queixas escribiu coa vida da autora galega cunha estrutura cronolóxica. A súa etapa en Bos Aires, de catro intensos anos, é un dos momentos máis destacados da súa vida. Nese mo-



María do Carme Kruckenberg e Mercedes Queixas, onte, na Casa da Cultura Galega en Vigo

SONIA DAPONTE

mento, Alberti xogou un papel moi importante. "É un home que aparece bastantes veces ao longo da biografía. Coñecíao da man de Arturo Cuadrado na época de Bos Aires, onde entra en contacto co exilio galego e español. Admiraba a Alberti, a quen chamouse sempre o seu pai na Arxentina", di Queixas. A relación era tan fonda, que foi o propio Alberti quen lle puxo o título ao libro *Canabal de Ouro* de María do Carme.

A súa infancia e os seus catro anos en Arxentina foron etapas determinantes

Como biógrafa, Mercedes Queixas considera que, ademais das vivencias en Bos Aires, outro momento importante na biografía de Kruckenberg foi a súa infancia. "É un momento determinante, porque tivo uns primeiros anos felices nos que lle inculcaron un afán por saber que mantivo durante toda a

vida", sinala Queixas, que engade que a poeta de Vigo "sempre foi políglota e plurilingüe, pero plurilingüe de verdade, non como se nos fai entender agora. Ela fala moitos idiomas, pero nunca se afastou da súa lingua: o galego".

"O CONTACTO COA LINGUA"

A propia María do Carme lembra un momento determinante da súa infancia que significou "o contacto coa lingua". "Cando tiña catro anos tiñamos un caseiro, Antonio, que non sabía falar castelán. Entón, eu díxenlle a meu pai que non enten-

día nada do que dicía Antonio. Meu pai díxome que tratase de entendela, porque esa era a miña lingua", rememora a viguesa.

Outro momento clave que reflicte a biografía elaborada por Mercedes Queixas é o regreso de Kruckenberg a Vigo no ano 1953. "Despois deses catro anos en Bos Aires, divorciáse do seu marido e regresa para Vigo. Foi unha decisión complicada e nun momento social en que ninguén comprendía que unha muller fixese tal cousa. Pero ela, cando toma unha decisión, toma unha decisión. Sempre foi unha muller rebelde, unha muller pioneira", explica Queixas, quen lembra que Kruckenberg traballou ao longo da súa vida como visitadora médica. "Foi a primeira muller en conseguir ese traballo", sinala a biógrafa.

"Ao ler a miña poesía coñeces a miña vida; pero a xente le mal", di María do Carme

Aquel divorcio foi un momento importante para a poeta, non obstante, no eido amoroso, ela di que o seu gran amor, ese que se escribe en maiúsculas foi outro. "Era un avogado vasco e cometemos un erro: deixamos de vernos... Quizais xa morreu", explica a poeta, que engade que tivo "outros amores, pero non grandes amores". "Non son fácil de namorar. Quixen o meu marido, pero non como a ese avogado. Ese foi o amor da miña vida", lembra.

Quizais, o outro gran amor de Kruckenberg era a poesía. Nela verte todo o que sente, todo o que lle pasa polo maxín, todo o que lle acontece na vida. "A súa poesía é fondamente autobiográfica", explica Queixas. A autora coincide plenamente coa súa biógrafa: "A xente que lea os meus poemas, coñece a miña vida palmo a palmo". Non obstante, sempre hai erros na comunicación. "Eu escribín poemarios como *Midas*, en 1962, no que contaba un gran amor ficticio. Quen lese o primeiro poema, de só tres liñas, sabía que era todo unha invención. Pero aínda así, houbo quen pensou que estaba cun gran amor. Así é a cousa! A xente le mal", conclúe Kruckenberg. ■

www.xornal.com

Opina sobre a longa traxectoria de Kruckenberg na nosa páxina web